

DILIXENCIA para facer constar que o presente documento expúxose ó público no taboleiro de anuncios do Concello de Sandiás o día 25/04/2018

O FUNCIONARIO

12

Boletín Oficial Provincia de Ourense

DILIXENCIA

Para facer constar que o presente documento expúxose ó público no taboleiro de anuncios do Concello de Sandiás durante o prazo establecido no mesmo, dando o día 25/04/2018 Sandiás 25/04/2018

O FUNCIONARIO (A) 24 abril 2018

lan en el IAE, cuota municipal, de acuerdo con la escala que se fija:

- Hasta el 95%, por la creación de más de 20 puestos de trabajo.
- Cuando menos el 75% por la creación de entre 11 y 20 puestos de trabajo.
- Ando menos el 50% por la creación de hasta 10 puestos de trabajo.

Esta medida se garantizará por lo menos durante tres ejercicios".

Dicha bonificación se hará efectiva previa solicitud del sujeto pasivo, y deberá justificar el especial interés o utilidad municipal de la actividad (creación de empleo).

Disposición adicional única

Las modificaciones que se introduzcan en la regulación del impuesto, por las leyes de presupuestos generales del Estado o por cualquier otra ley o disposición, y que resulten de aplicación directa, producirán, en su caso, la correspondiente modificación tácita de la presente ordenanza fiscal.

Disposición final

La presente ordenanza fiscal fue aprobada por el Pleno de la Corporación, en la sesión que tuvo lugar el día 29 de enero de 2018, entrará en vigor en el día de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia, permaneciendo en vigor hasta su modificación o derogación expresa."

El alcalde".

Contra el presente acuerdo se interpondrá un recurso contencioso-administrativo, ante la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia con sede en A Coruña, en el plazo de dos meses a contar desde el día siguiente a la publicación del presente anuncio, de conformidad con el artículo 46 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa.

Documento firmado electrónicamente.

R. 1.274

Sandiás

Anuncio de aprobación definitiva IBI

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitiva o acordo plenario inicial aprobatorio da modificación Ordenanza IBI, cuxo texto íntegro se publica, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

«Acordo:

Primeiro. Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza que queda redactada do seguinte xeito:

Segundo. Someter este acordo a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, mediante a publicación de anuncios no BOP e no taboleiro de edictos do concello, consonte co artigo 49 da Lei 7/85, do 2 de abril.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións ou suxestións contra a aprobación inicial destas modificacións, a ordenanza fiscal obxecto da proposta converterase en definitiva, sen necesidade da adopción dun novo acordo polo Pleno municipal.

Ordenanza reguladora do imposto de bens inmobles

Artigo 1º

O imposto sobre bens inmobles (IBI) rexerá neste municipio:
a) Polas normas reguladoras deste contidas na Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto

refundido da Lei reguladora das facendas locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan esta lei.

b) Por esta ordenanza fiscal.

Segundo o previsto no artigo 72 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles, aplicable neste municipio, queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

Artigo 2º

1.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles, aplicable aos bens de natureza urbana, queda fixado en 0,40 %.

2.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles, aplicable aos bens de natureza rústica, queda fixado en 0,30 %.

3.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles, aplicable aos bens que os valores catastrais fosen obxecto de revisión ou modificación, será:

a. Tratándose de bens de natureza urbana, 0,40 %

b. Tratándose de bens de natureza rústica, 0,30 %

Artigo 3º

As actividades económicas e empresarias que se creen de novo, así como aquelas outras que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando impliquen creación de emprego, terán dereito ás bonificacións que se sinalan no IBI, de acordo coa escala que se fixa:

- Ata o 95%, pola creación de máis de 20 postos de traballo.

- Cando menos o 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.

- Cando menos o 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta medida garantirase polo menos durante tres exercicios".

A dita bonificación farase efectiva previa solicitude do suxeito pasivo, e deberá xustificar o especial interese ou utilidade municipal da actividade (creación de emprego)".

A modificación aplicarase dende o exercicio 2018.

Artigo 4º

En virtude do establecido no artigo 62 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, establécese, seguindo criterios de eficiencia e economía na recadación, a exención no IBI de natureza urbana en 3 € e de natureza rústica en 4 €.

Para os inmobles de natureza rústica, para os efectos desta exención, terase en conta a cota que resulte da agrupación de todos os inmobles desta natureza que posúa o contribuínte neste termo municipal (artigo 77.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo).

Disposición adicional única

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto, polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, se é o caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición final

Esta ordenanza fiscal aprobouna o Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 29 de xaneiro de 2018, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra este acordo interporase un recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede na Coruña no prazo de dous meses contado desde o día seguinte á publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdicción contencioso-administrativa.

Documento asinado electronicamente.